

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CULLEREDO
Edificio	Igrexa de Santiago do Burgo
Dirección	Rúa de Santiago, s/n. 15670
	43.316011 -8.362503
Protección	BIC
Descrición	A igrexa de Santiago do Burgo, como ben indica o seu nome, era parada obrigatoria para os peregrinos que acudían a Compostela procedentes do norte de europa. De cruz latina e unha soa nave con cuberta de madeira a dúas augas, conserva as ábsidas semicirculares típicamente románicas, sendo a fachada de data posterior, concretamente do século XVIII. De porta rectangular seguida dun gran óculo de luz tendo encima deste unha pequena fornela coa imaxe de Santiago peregrino e como remate, unha espadana de dous corpos; no primeiro corpo formado por tres machóns que dan lugar a dous ocos rematados en cadanseus arcos de medio punto onde se sitúan as campás, e un segundo corpo que actúa como remate por un frontón triangular cunha fornela calada no centro, e no máis alto un acroterio coroadado por unha cruz de ferro. No interior ten unha capela central con dúas ábsidas máis pequenas, bóvedas sobre arcos de medio punto apoiados sobre columnas con capiteis con decoración vexetal.
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	Bo.
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	14-11-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	PALACIO; LISTE (CASTROVITE) (PARROQUIA DE ORAZO)	1860	50	72
Espadana	Maior.	DÍEZ SANTAMARÍA, MOISÉS	1918	60	125

Información completa: [Igrexa de Santiago do Burgo - CULLEREDO \(GALICIA\)](#)

